

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA CUBRIR AS BAIXAS DOS CONSERXES DO CEIPS ILLA VERDE E CASÁS.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 52-2024, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas do nomeamento de funcionarios interinos por mor da substitución urxente por baixa médica dos conserxes do CEIP ILLA VERDE, Saladina Penelas e do CEIP CASÁS, Miguel de Frutos del Rio.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1453/2024 do 16.10.2024 así como os RCMOD Ref.: 69554/2024, Ref.: 69555/2024 e Ref.: 69559/2024 por importe de 7.650,98 €, 1.452,91 € e 714,51 € do 15.10.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Neste caso débese considerar que o crédito a transferir corresponde á mesma área de gasto e concellería e ademais, o servizo de conserxería nos CEIPs dependentes do concello pode ter un carácter esencial ao vir expresamente recollido no artigo 25.2n) da LRBRL a obriga de “conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”, tendo en conta á súa vez que se trata de baixas de persoal non previsibles.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 9.818,40 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	IMPORTE €
----------------------------------	-----------	------------------------------	-----------

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac3152913524184411987.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 52-2024 CONSERXES CEIPS

CEDEN CRÉDITO		QUE INCREMENTAN CRÉDITO	
32605.12003	7.650,98 €	32000.12005	3.818,29 €
32605.12100	1.452,91 €	32000.12100	1.542,93 €
32605.12101	714,51 €	32000.12101	2.434,43 €
		32000.16000	2.022,75 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	9.818,40 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	9.818,40 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.